



Prezadas familias:

Convócase unha asemblea xeral ordinaria da ANPA Atalaia, do CEIP A Sangriña, o vindeiro **venres 20 de outubro, no patio dianteiro do colexio, ás 20:00**, coa seguinte orde do día:

1. Información sobre as extraescolares.
2. Informacións varias sobre o comedor escolar.
3. Aprobación, se procede, da solicitude da subvención do comedor, curso 2022/2023.
4. Información sobre a concesión da subvención de Igualdade.
5. Información sobre diversos trámites administrativos en curso.
6. Información sobre o funcionamento do banco de libros e libros dispoñibles.
7. Estado das instalacións. Breve resumo do período pasado e proxectos en marcha.
8. Renovación da Xunta Directiva.
9. Rogos e preguntas.

Queremos pedirvos encarecidamente a vosa asistencia. Cómpre que desta asemblea saia unha xunta directiva renovada, posto que a actual directiva xa rematou o seu período de vixencia. Precisamos da vosa implicación e compromiso, porque, de non reunir persoas suficientes para a dita renovación, a ANPA correría o risco de disolverse, e perdiamos para o colexio dos nosos nenos e nenas todos os servizos a apoios que dependen da ANPA (comedor, extraescolares, festas, banco de libros, subvención de igualdade e calquera outra iniciativa que xorda no futuro).

A Guarda, 3 de outubro de 2023

O PRESIDENTE

Fernando Coello